

# PREMIO JULES VERNE DE LITERATURA XUVENIL

## 10ª edición

Edicións Xerais de Galicia convoca a décima edición do PREMIO JULES VERNE DE LITERATURA XUVENIL en lingua galega, dotado con 10 000 €, que se rexerá polas seguintes **BASES**:

- 1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento.
  - 2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé ou calquera outro soporte informático no que se incluírá a obra en formato pdf, antes do día 3 de abril de 2018 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S. A., rúa Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo.
  - 3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.
  - 4ª. Cada orixinal será presentado unicamente a unha das tres modalidades dos Premios Xerais (Novela, Infantil ou Xuvenil).
  - 5ª. O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S. A. O premio outorgarase por maioría de votos.
  - 6ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.
  - 7ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Festa Xerais que se celebrará o día 2 de xuño.
  - 8ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.
  - 9ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os tres mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.
  - 10ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse, previa solicitude, no mes seguinte ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.
- A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2018

### Todos os Premios de Literatura Xuvenil

2006: **Jaureguizar**  
*A Cova das Vacas Mortas*

2007: **An Alfaya**  
*Illa Soidade*

2008: **Marilar Aleixandre**  
*A Cabeza de Medusa*

2009: **Rosa Aneiros**  
*Ás de bolboreta*

2011: **Héctor Carré**  
*Febre*

2014: **Eduardo Santiago**  
*O Gran Reino*

2015: **Andrea Maceiras**  
*Europa Express*

2016: **Iria Misa**  
*Xa non estou aquí*

2017: **Manuel Lourenzo González**  
*Ceiba de luz*